



## Tertulias Literarias

### María Reimóndez

María Reimóndez Meilán é unha escritora, ademais de tradutora e intérprete de profesión, nada en Lugo no 1975. Cultiva tanto a narrativa e a poesía coma o teatro. É tamén presidenta e fundadora da Organización de Cooperación ao Desenvolvemento Implicadas/os no Desenvolvemento, ademais de secretaria e fundadora da Asociación Galega de Profesionais da Traducción e da Interpretación.

#### Traxectoria

María Reimóndez escribe dende os seis anos, aínda que a súa incursión no panorama literario é recente. Na súa mocidade foi gañadora de varios premios, coma o Rúa Nova ou o Minerva, aos que lle seguiría no 2003 o premio de novela Mulleres Progresistas de Vigo pola obra O Caderno de Bitácora (Edicións Positivas).

En 2005 foi finalista do Premio Merlin coa novela xuvenil Usha e finalista do Premio Xerais con O club da calceta. Tamén colaborou con O son das buguinas, un libro e DVD solidarios promovidos por Implicadas/os no Desenvolvemento. Actualmente colabora con artigos de opinión no xornal A Nosa Terra e a plataforma dixital Vieiros, ademais de formar parte do grupo de investigación Feminario de Investigación: Feminismos e Resistencias (Teorías e Prácticas) da Universidade de Vigo, onde realiza unha tese sobre a interacción do Feminismo, Poscolonialismo e a Tradución.



#### Obra

- Moda Galega (Edicións Positivas, 2002). Poesía
- O caderno de bitácora (Edicións Positivas, 2004). Novela
- Usha (Xerais, 2006). Literatura xuvenil
- O club da calceta (Xerais, 2006). Novela
- O trasno burlón: (Comarca da Coruña) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- Alko (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- O can trampulleiro: (Comarca do Salnés) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- A videoconsola: (Comarca de Vigo) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- Colegas do futuro: (Comarca de Ortegal) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- Misterio no Deza: (Comarca do Deza) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil
- Unha viaxe no tempo: (Comarca de Quiroga) (Everest Galicia, 2007). Literatura xuvenil

### María Reimóndez funde activismo social e literario na súa obra

**A gañadora do Premio San Clemente funde na súa traxectoria  
o compromiso social co activismo literario**

Como unha "reflexión optimista" cualificou onte María Reimóndez O Club da calceta, o libro que lle valeu o Premio Arcebispo San Clemente do Instituto compostelán Rosalía de Castro, concedido polos alumnos de segundo de bacharelato de cinco centros galegos. O premio, asegura esta activista que converteu a literatura nun instrumento transformador do mundo, sérvelle entre outras cousas para coñecer "quen está do outro lado", porque ás veces "cando escribimos, non sabemos moi ben quen son os nosos lectores e agora podo albiscar xa un perfil".

O club da calceta é a súa segunda novela, unha obra "optimista pero con certa complexidade" protagonizada por seis mulleres que acoden a clases de calceta. "Por unha banda", explica, "amosa as diferenzas que existen entre nós como grupo marcado pola diversidade, pero tamén as nosas afinidades polo simple feito de ser mulleres. A nosa unión provoca que cambiemos individualmente pero tamén que cambiemos o que nos rodea".

Por sorte, subliña, a concesión do Premio San Clemente demostra que os rapaces non teñen xa tantos prexuízos como os seus pais á hora de achegarse á Literatura das por mulleres. "As persoas maiores non avalían con iguais méritos as nosas obras que as dos homes. Vai sendo hora de que se deixen de ver os nosos temas e as nosas preocupacións como algo marxinal".



## Tertulias Literarias

Coa súa primeira novela, *Caderno de bitácora*, logrou no ano 2003 o Premio das Mulleres Progresistas, que recoñecían así un traballo de factura infrecuente: as aventuras espaciais dun grupo de mulleres. Previamente, publicou o poemario *Moda galega* (2002), onde arremete contra o consumismo da sociedade actual. "O nexo da miña obra, sexa poesía ou prosa, é responder a unha pregunta inicial. A diferenza está na voz: na narrativa gústame fuxir de min mesma, transformarme noutros personaxes. Na poesía, prefiro o discurso combativo porque a poesía é unha arma, é o que queda da alma dos pobos, as frases eternas, como ocorre en Galicia, onde os versos forman parte do noso acerbo lingüístico e cultural".

Fundadora da ONG Implicadas no desenvolvemento, que mantén proxectos de axuda na India e en Etiopía, Reimóndez cre que o seu activismo social e literario están unidos "polo feito de crer que a sociedade na que vivo non me gusta e trato de cambiala. A Literatura é unha forma de intervención no sentido filosófico. En occidente, a Literatura cae con frecuencia no elitismo e no pesimismo. Pero esa é unha visión reducionista: a Literatura ten capacidade de crear maneiras alternativas de pensar e, por tanto, de actuar. É fundamental ofrecer discursos que expliquen a idea de que é posible cambiar as cousas. Hai que saír do derrotismo".

Tradutora de profesión -fai a entrevista desde a cabina de intérprete, no intermedio dun congreso sobre pesca que se celebra en Vigo-, María Reimóndez recoñece que o seu ritmo de traballo é desbordante. Unha novela inminente, un poemario, dúas curtametraxes sobre os microcréditos, campañas de concienciación, o programa de formación Wanakkan, unha viaxe a India... Ri ao outro lado do teléfono mentres detalla os proxectos: "A verdade é que son un pouco hiperactiva".



### Idealismo feminista por Manuel Rodríguez Alonso

*O club da calceta*  
María Reimóndez  
Xerais, Vigo, 2006, páxs 270

María Reimóndez artella unha interesante novela en que nos presenta dende unha perspectiva feminista a vida de seis mulleres moi diferentes en idade e formación, que, non obstante, sufren a mesma frustración e ata nalgún caso maltrato por parte xa non só dos seus homes, senón dunha sociedade de valores machistas. Non están tratadas co mesmo acerto as seis mulleres que protagonizan a novela e incluso o desenlace é idealista de más (cae, ao meu ver, no demasiado fácil *happy end*), mais cómpre ler esta novela pola acertada visión que ofrece dos problemas da muller de onte e de hoxe.

A autora dedícallle un capítulo ou parte a cada unha das seis mulleres. Son seis mulleres totalmente diferentes, mais acabarán coincidindo nunhas clases de calceta. Das clases de calceta sairán unhas mulleres novas. Na parte dedicada á primeira delas "Elástico" bota man (cremos que con pouco acerto) dos recursos da literatura fantástica. Acerta, non obstante, ao darnos a relación Matilde-Manuel: o homiño, despois de casar, remata feito un tirano. O segundo capítulo-fragmento centrado a intelectual e progre Anxos. É un capítulo moi logrado. Gústanos especialmente esa visión que nos dá do matrimonio de progres que fracasa porque nunca din entre eles nada que sexa xa non políticamente incorrecto, senón "matrimonialmente" incorrecto. Son a educación e a cortesía convertidas en frialdade e incomunicación. Boa tamén a presentación do mundo universitario, pechado sobre si mesmo, especialmente no sector do profesorado.

O seguinte capítulo ocúpase do tipo feminino de secretaria-guapa-loura-parva. Pero subverte o tópico, porque neste caso a secretaria é lista, moi lista. Xa que logo, capítulo moi acertado. O capítulo dedicado a Elvira e Antonia lévanos á dureza da vida feminina nos tempos escuros do nacionalcatolicismo franquista. A autora fai que nos arrepíemos cando vemos as condicións de vida da muller na longa noite de pedra do franquismo.



Menos logrados parécennos os capítulos seguintes, dedicados á prostituta Luz e á condutora de autobuses Fernanda. Situacións e personaxes resultan tópicos de máis, aínda que haxa, por exemplo, unha boa achega ao mundo dos adolescentes ou unha boa descripción do rural-urbano vigués.

O desenlace da historia é, como xa dixemos, francamente idealista. As mulleres rompen cos seus torturadores e ata triunfan como empresarias. Resulta tópico o descubrimento do lesbianismo por parte de Bea. Creo que tampouco está acertada a suxestión do posible asasinato dos torturadores das seis mulleres, por inverosímil de máis. Pero hai que comprender que estamos ante unha novela de tese e iso pode desculpar un chisco estas eivas, máxime cando son moitos máis os acertos.

A autora, tradutora profesional, amosa un galego en xeral moi correcto, aínda que non falten grallas como *lle* por *llles* (páx.92), complemento directo con a (páx. 66), expresións castelanistas (*O Damián está colado. Telo aos teus pés* - páx. 30; *O colmo da educación* -páx.93-), anteposición do pronomé átono tras *pero* (*pero... me supera...* -páx. 194), algúns castelanismos (*abrumadora, gafas, tachado*-páx. 30-), uso reiterado de como se no canto de coma se, uso incorrecto do reflexivo (*a chaqueta que me estou facendo* -páx.118-, *mírome para as mans* -páx.197) ou emprego do infinitivo conxugado dependente dun verbo de percepción (*vía as nenas ben saíren da escola* -páx. 128). Mais usa un moi bo rexistro coloquial cando o precisa e mesmo dialectalismos como *mai*, *aira* ou os adverbios de lugar en *-ó* (tipo *alo*). Emprega tamén o artigo diante dos nomes de persoa (*O Manuel*), forma viva hoxe aínda na maior parte de Galicia, malia as preferencias dos normativizadores, e ata ten a audacia de utilizar o lusismo *cíumes*, non sabemos por que anatematizado polos normativizadores da nosa lingua. Xa que logo, unha autora nova que amosa unha boa preparación lingüística que, non hai dúbida, irá mellorando en obras futuras.

Deste xeito, estamos ante unha novela que nos presenta o mundo e as relacións interpersoais dende unha perspectiva feminista. Xa que logo, a súa lectura viranos ben a todos, aos homes para que nos decatemos do que aínda somos e, sobre todo, ás mulleres para que deixen de ser parvas e resistan a dominación masculina e se arrepoñan a ela. Na novela triunfan e, aínda que o *happy end* sexa unha miguiña rosa, é unha inxección de optimismo neste mundo aínda tan machista.

## **Teatro do Morcego propone una visión feminista en O clube da calceta**

Esta propuesta teatral marcada por la ironía y la estética pop recoge una visión feminista de las cuestiones que afectan a las mujeres. O clube da calceta es una adaptación teatral de la novela de María Reimóndez que Teatro do Morcego representa en el Teatro Principal de Santiago de Compostela el 23 y 24 de mayo.

Teatro do Morcego representa el viernes 23 y el sábado 24 de mayo en Santiago la obra O club da calceta, la adaptación teatral de la novela homónima de María Reimóndez, que propone una reflexión sobre cuestiones que afectan a las mujeres y lo hace desde una visión "feminista". Las representaciones tendrán lugar a las 21.00 horas en el Teatro Principal de Santiago. Esta propuesta teatral fue presentada por el concejal de Cultura, Néstor Rego, y por el director de la obra, Celso Parada, y Laura Ponte, una de las actrices que forma parte del elenco íntegramente femenino de esta obra. Celso Parada destacó que, cuando se decidió a poner en escena la novela de María Reimóndez, lo hizo "con la determinación de respetar el espíritu feminista de la obra" y por el interés de trabajar con "actrices amigas" en una obra con varios papeles femeninos.



En concreto, esta obra está protagonizada por seis mujeres muy distintas entre sí que si encuentran día a día en una sala donde reciben clases de calceta. Cada una de ellas se halla en "un momento de cambio" en sus vidas. El encuentro de las seis mujeres sirve para que intercambien sus frustraciones, pero también para su toma de conciencia sobre la necesidad una ruptura con lo que son hasta entonces sus vidas. Según señaló el director, los seis



## Tertulias Literarias

personajes responden a otros tantos arquetipos de mujeres insatisfechas en la relación con sus respectivas parejas y con la sociedad en general. Parada explicó que el detonante del ansia por su "liberación" nace a raíz de la historia del personaje de Tía Davinia (Estíbaliz Espinosa), una mujer que vengó la violación de una amiga y que, ante la persecución que sufrió acabó suicidándose. Laura Ponte, actriz que interpreta al personaje de 'Anxos', manifestó que el machismo descrito en la obra puede reconocerse en la sociedad contemporánea donde, sin ir más lejos, "en la profesión de actriz ser mujer disminuye las posibilidades de trabajo, y no digamos cuando se pasa de los 40 años". Pero tanto la actriz como el director de la obra puntualizaron que en 'O clube da calceta' los hombres "aparecen salvados" a través de las alusiones al personaje de Xan, el marido de Nanda (Luisa Merelas) que siempre apoya a su mujer.

Según Celso Parada, él no se siente "traidor" al mensaje de los hombres por afrontar esta obra, sino que "el lenguaje feminista y provocador" de esta historia busca "hacer reflexionar" sobre cuestiones como la violencia contra las mujeres, entre otras. 'O club da calceta' presenta "todo lo cotidiano" que afecta a las mujeres, presentado de forma "muy real", pero también en plan de comedia y de forma divertida, según Laura Ponte. Además, el director de esta adaptación teatral resaltó "la ironía en la puesta en escena", la estética "un poco pop". El concejal de Cultura de Santiago resaltó el elenco "excepcional" de esta obra, ya que junto a Laura Ponte, Estíbaliz Espinosa y Luisa Merelas, también se subirán al escenario compostelano Maxo Barjas (Rebeca), Susana Dans (Matilde), Elina Luaces (Elvira) e Inma Antonio (Luz). Asimismo, resaltó el "buen trabajo" que acostumbra a presentar Teatro do Morcego y la elección de una novela de María Raimóndez para trasladarla al teatro.

### **'El Club de la Calceta' explora el universo femenino en el Teatre Gaudí de Barcelona**

La obra narra la historia de seis mujeres muy diferentes entre sí que acuden a clases de calceta, un lugar donde convergen sus frustraciones y dan salida sus problemas. María Reimóndez destacó hoy en la presentación del espectáculo que el núcleo central de la obra es "el afán de cambiar y de superar los obstáculos de forma colectiva".

La obra se forma con los monólogos de las protagonistas --Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz y Fernanda--, que se articulan a través de números musicales y de la presencia de 'la tía Davinia', el personaje más misterioso de la obra y el que cohesionan las historias. La autora de la obra explicó que se trata de seis mujeres y "un espectro" que planea sobre todas ellas. En palabras de Estíbaliz Espinosa, la actriz que la interpreta, "Davinia es el elemento para que ella, y después las demás, vayan haciéndose preguntas sobre sí mismas".

Espinosa explicó que 'El Club de la Calceta' es una metáfora de "calcetar y descalcetar vidas" que no siguen el curso que sus protagonistas desearían. En la obra se habla de los conflictos y de los dolores de las mujeres, y aunque la obra se concibe como una reflexión sobre la condición femenina, la autora recalcó que "no es exclusivamente una obra para mujeres".

Reimóndez lamentó la cultura machista actual: "En cuanto las mujeres aparecemos en el centro del escenario parece que tengamos que dar explicaciones, como si fuéramos una anomalía", explicó. 'El club de la calceta' es una producción del 'Teatro do Morcego' y la adaptación al teatro corre a cargo de su director, Celso Parada. Después de 50 funciones en Galicia la obra sale por primera vez de gira.

fontes:

[http://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%A1\\_Raim%C3%B3ndez](http://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%A1_Raim%C3%B3ndez)  
[http://www.galicia-hoxe.com/index\\_2.php?idMenu=86&idNoticia=182493](http://www.galicia-hoxe.com/index_2.php?idMenu=86&idNoticia=182493)  
<http://www.culturaqalega.info/noticia.php?id=3614>  
<http://vello.vieiros.com/murquia/nova.php?Ed=38&id=53683&cm=1>

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)

Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996  
Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

**GRUPO B**